



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2023.00449

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA O CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CLUBES DE LECTURA VIRTUAL DA EBIBLIODACORUNA DA BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00449

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación provincial da Coruña:

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 8 de agosto de 2024 en relación co expediente PCO.001.2023.00449, acordou admitir na licitación as seguintes ofertas:

1 CERNADAS NOVO, PATRICIA

2º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 14 de agosto de 2024 en relación co expediente PCO.001.2023.00449, acordou propuxo a adxudicación a CERNADAS NOVO, PATRICIA, que presentou a oferta máis vantaxosa para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación o contrato de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CLUBES DE LECTURA VIRTUAL DA EBIBLIODACORUNA DA BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00449

3º.- Mediante Resolución da Presidencia número 33537 de 16 de agosto de 2021 requiríuse a CERNADAS NOVO, PATRICIA para que presentase a documentación esixida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Visto que a licitadora presentou a documentación requirida,

RESOLVO:

1º) Adxudicar mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación o contrato de PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CLUBES DE LECTURA VIRTUAL DA EBIBLIODACORUNA DA BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00449 a CERNADAS NOVO, PATRICIA, NIF ***9422**, con domicilio na rúa San Isidoro, 49, 4º esquerda; 15007 A Coruña, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prezo:

A) Prezo anual sin IVE:	3.475,00 €
B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE): exento (artigo 20, Un, 9º lei 37/ 1992 de IVE)	
C) Prezo anual IVE incluído (A+B):	3.475,00 €
D) Prezo para dous anos IVE incluído (Cx2):	6.950,00 €

1.3. Prazo de execución: Dous (2) anos dende a data de formalización do contrato en documento administrativo, prorrogable por outro ano máis.

1.4. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0660/33211/22606 do seguinte modo, sen prexuízo do axuste de anualidades que procede en función da data efectiva de formalización

ANO	NÚMERO OPERACIÓN	ORZAMENTO	PREZO	ECONOMÍA
2024	A 220240032930	2.117,50	1.737,50	380,00
2025	AP 220249000411	4.235,00	3.475,00	760,00
2026		2.117,50	1.737,50	380,00
	TOTAL	8.470,00	6.950,00	1.520,00

Por tratarse dun contrato que estenderá os seus efectos a exercicios posteriores, financiarase segundo o disposto no artigo 174 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

1.5. De conformidade co disposto no artigo 151 da LCSP, indícase que:

Resultou admitida para participar na licitación a oferta de CERNADAS NOVO, PATRICIA, que presentou a oferta con mellor relación calidade-prezo e, en virtude desta resolución, é a adxudicataria deste contrato. As características e vantaxes da súa proposición que determinaron que fose seleccionada a súa oferta son as seguintes:

No referente aos criterios non avaliados de forma automática obtivo unha puntuación de 73 puntos de 80 posibles.

Polo que respecta ao criterio de valoración automática, resultou a segunda mellor oferta, cun obtivo unha puntuación de 0,66 puntos de 20 posibles.

2º) Requirir á adxudicataria para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinala, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos, advertíndolle de que si non cumpre os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da LCSP.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Deputación provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde ou día seguinte ao da notificación do presente acordo. Non seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. Non obstante, se o considerase conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente